

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ACTUACIÓNS AMBIENTAIS NO CONCELLO DE CEDEIRA PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS: RECUPERACIÓN DO CAUDAL NO RÍO CONDOMIÑAS E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PASEO MARÍTIMO

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do Concello de Cedeira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que detentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.



Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. O Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

Sexto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 30 de decembro de 2020 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.



Sétimo. O Concello de Cedeira manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para acometer o proxecto denominado Actuacións ambientais no Concello de Cedeira para reparar os danos ambientais causados polos temporais no Concello de Cedeira, que se concretan na recuperación do caudal no Río Condomiñas e a mellora da eficiencia enerxética no Paseo Marítimo.

Os temporais de comezos do ano 2021 que azoutaron a zona de Cedeira, marcados pola entrada consecutiva de varias borrascas moi activas que deixaron intensas choivas e fortes ventos, tiveron un salientable impacto sobre o río Condomiñas. As fortes precipitacións provocaron importantes volumes de auga que baixaron de forma violenta e xeraron caudais pico capaces de provocar significativos aluviós. A este efecto erosivo sumáronse os fortes ventos procedentes das consecutivas borrascas. En consecuencia, o leito do río presenta actualmente abundantes restos como resultado da caída de árbores e rotura de pólas que limitan considerablemente a súa capacidade de desaugue. Estes depósitos non só impiden unha normal circulación fluvial senón que favorecen unha continua acumulación de sedimentos que diminúen progresivamente a sección da canle. Este proceso de taponamento incrementa de xeito paulatino os riscos por desbordamento e erosivos, cos consecuentes impactos ecolóxicos e de seguridade para as persoas, equipamentos e infraestruturas. De aí que resulte urxente e inaprazable unha intervención para recuperar o caudal, para o que se precisa contratar unha brigada de persoal que desenvolva os necesarios traballos.

Por outra banda, os devanditos episodios meteorolóxicos afectaron especialmente á rede de luz pública na zona do paseo marítimo de Cedeira. Tanto os equipos como as lámpadas sufriron as sobretensións ocasionadas polas treboadas eléctricas, causando múltiples fallos e carencias e, en definitiva, un funcionamento deficiente desta rede de luz pública que, á súa vez, crea unha situación potencial de seguridade pública e de dificultades para o control das medidas de prevención da Covid-19. Esta situación xustifica a necesidade dunha urxente e inmediata reposición das luminarias existentes e, asemade, posibilita unha intervención de mellora da eficiencia enerxética mediante a substitución das anteriores lámpadas de vapor de sodio por outras luminarias con tecnoloxía tipo LED, sen contaminación lumínica e moito máis eficientes.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Cedeira de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación



Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Cedeira.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Cedeira, co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza e asemade contribuír á conservación, reposición e restauración do ambiente.

Noveno. O Concello de Cedeira cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2019 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Undécimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Cedeira acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Cedeira para a execución do proxecto denominado Actuacións ambientais no Concello de Cedeira para reparar os danos ambientais causados polos temporais no Concello de Cedeira, que se concretan na recuperación do caudal no Río Condomiñas e a mellora da eficiencia enerxética no Paseo Marítimo.

Os temporais de comezos do ano 2021 que azoutaron a zona de Cedeira, marcados pola entrada consecutiva de varias borrascas moi activas que deixaron intensas choivas e fortes ventos, tiveron un salientable impacto sobre o río Condomiñas. As fortes precipitacións provocaron importantes volumes de auga que baixaron de forma violenta e xeraron caudais pico capaces de provocar significativos aluviós. A este efecto erosivo sumáronse os fortes ventos procedentes das consecutivas borrascas. En consecuencia, o leito do río presenta actualmente abundantes restos como resultado da caída de árbores e rotura de pólas que limitan considerablemente a súa capacidade de desaugue. Estes depósitos non só impiden unha normal circulación fluvial senón que favorecen unha continua acumulación de sedimentos que diminúen progresivamente a sección da canle. Este proceso de taponamento incrementa de xeito paulatino os riscos por desbordamento e erosivos, cos consecuentes impactos ecolóxicos e de seguridade para as persoas, equipamentos e infraestruturas. De aí que resulte urxente e inaprazable unha intervención para recuperar o caudal, para o que se precisa contratar unha brigada de persoal que desenvolva os necesarios traballos.

Por outra banda, os devanditos episodios meteorolóxicos afectaron especialmente á rede de luz pública na zona do paseo marítimo de Cedeira. Tanto os equipos como as lámpadas sufriron as sobretensións ocasionadas polas treboadas eléctricas, causando múltiples fallos e carencias e, en definitiva, un funcionamento deficiente desta rede de luz pública que, á súa vez, crea unha situación potencial de seguridade pública e de dificultades para o control das medidas de prevención da Covid-



19. Esta situación xustifica a necesidade dunha urxente e inmediata reposición das luminarias existentes e, asemade, posibilita unha intervención de mellora da eficiencia enerxética mediante a substitución das anteriores lámpadas de vapor de sodio por outras luminarias con tecnoloxía tipo LED, sen contaminación lumínica e moito máis eficientes. , cun orzamento total de 53.137,28 € (IVE incluído), segundo a memoria de actuacións ambientais para reparar os danos causados polos temporais, asinada polo alcalde de Cedeira en xullo de 2021, o e proxecto denominado *Mellora da eficiencia enerxética no Paseo Marítimo de Cedeira*, redactado polo técnico Jesús M. Mallo Puga, en xullo de 2021, cuxos orzamentos se xuntan como anexo I a este convenio e do cal forman parte.

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Cedeira:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. A xestión da brigada, nos aspectos materiais, técnicos ou de servizo, entre outros, incluída a coordinación, dirección, organización e funcionamento; entre outras:
 - a. A selección do persoal adscrito ao grupo.
 - b. Asumir a adscrición orgánica e funcional do persoal deste grupo.
 - c. Coordinar o grupo.
 - d. Aboar mensualmente as nóminas e demais custos derivados da contratación do persoal.
 - e. Tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas e instalacións do grupo.

A brigada dependerá xuridicamente do Concello de Cedeira, que é a entidade contratante, e en ningún caso o seu persoal terá vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia.

4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
6. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.



- c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
7. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
 8. De ser o caso, seleccionar o persoal de conformidade coa normativa de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, especialmente a normativa de aplicación no ámbito local ou, en todo caso, baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade; serán os concellos contratantes os responsables directos das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
 9. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 10. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 11. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de CINCUENTA E TRES MIL CENTO TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (53.137,28 €) con cargo as aplicacións orzamentarias que se indican no cadro inserido a continuación:



Actuación	Aplicación orzamentaria	Orzamento	Subvención	% financiamento
Recuperación do caudal no río Condomiñas	05.23.141A.461.0	43.813,02	43.813,02	100%
Mellora da eficiencia enerxética no paseo marítimo	05.23.141A.761.1	9.324,26	9.324,26	100%
Total		53.137,28	53.137,28	100%

2. No caso de que o proxecto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación dun cartel publicitario que estará instalado durante a execución do proxecto, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia e a referencia ao Fondo de Compensación Ambiental.

Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.

Sexta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Cedeira deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.



Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- Prezos do cartel ou carteis informativos e data de colocación de cada un destes elementos.
- b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:
- a. O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario dos gastos, facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - Que, segundo informe da secretaría do concello, na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
 - De ser o caso, que na selección e contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- c) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:
- Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
 - Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, segundo o modelo do anexo II deste convenio, colocados nun sitio visible no lugar das actuacións.
- d) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:
- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 - Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.



Á vista desta documentación o órgano competente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2021.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

Sétima. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello de Cedeira poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.
2. A tramitación da contratación das obras, equipamentos ou servizos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos poidan derivar.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.
Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación da obra e/ou equipamento, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.



- a) Facturas e, de ser o caso, certificacións de obra con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.
 - b) Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento Modelo 111. Retencións e ingresos a conta presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - c) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría municipal na que conste que o importe desa retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.
3. Os xustificantes das transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello de Cedeira ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar o proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. Para estes efectos, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen partidas, conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.
- Exceptúase aquel suposto en que a redución do custo final da execución do proxecto derive dunha baixa no prezo de adxudicación do contrato.



- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos que constitúen o obxecto da subvención.
 - Non acreditar na forma establecida na cláusula sexta que na contratación do persoal se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décima. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Undécima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.



Duodécima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello.
2. A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2021.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.



Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data consignada na sinatura electrónica.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello de Cedeira

Pablo Diego Moreda Gil



Anexo I. Orzamento do proxecto

1. Recuperación do caudal no Río Condomiñas

Ocupación	GC	Núm.	Base Cot. Mes y Trab.	% Cuota Patronal	Cuota Patronal	Xornada	Total Mes	Ind. Fin. Contr.	Meses	Total Custo
Peón	10	6	1.408,44	37,80%	532,39	100,00%	11.644,98	140,84	3,00	35.780,01
Técnico	2	1	1.991,82	31,10%	619,46	100,00%	2.611,28	199,18	3,00	8.033,01

TOTAL

43.813,02 €

2. Mellora da eficiencia enerxética no Paseo Marítimo.

Presupuesto parcial nº 1 CAMIÑO REAL DA MAGDALENA

Num.	Ud	Descripción	Medición	Precio (€)	Importe (€)
1.1	ud	Suministro de retrofit 24 Led T4000 57W Dimming P-OPT o equivalente con reducción 30% de 0:00 h. a 6:00 h, óptica con lente pública con marco adaptable, incluyendo p.p. transporte.	19,000	186,00	3.534,00
Total presupuesto parcial nº 1 CAMIÑO REAL DA MAGDALENA:					3.534,00

Presupuesto parcial nº 2 PASEO MARÍTIMO

Num.	Ud	Descripción	Medición	Precio (€)	Importe (€)
2.1	ud	Suministro de retrofit 12 Led T4000 31W P-OPT lente tipo pública simétrica o equivalente con marco adaptable, incluyendo p.p. transporte.	14,000	163,00	2.282,00
Total presupuesto parcial nº 2 PASEO MARÍTIMO:					2.282,00

Presupuesto parcial nº 3 PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Num.	Ud	Descripción	Medición	Precio (€)	Importe (€)
3.1	ud	Suministro de retrofit 12 Led T4000 31W P-OPT lente tipo pública o equivalente con marco adaptable, incluyendo p.p. transporte.	10,000	163,00	1.630,00
Total presupuesto parcial nº 3 PRAZA DA CONSTITUCIÓN:					1.630,00

Presupuesto parcial nº 4 SEGURIDAD Y SALUD

Num.	Ud	Descripción	Medición	Precio (€)	Importe (€)
4.1	P.A	Gastos generados en seguridad y salud en el transporte del suministro.	1,000	260,00	260,00
Total presupuesto parcial nº 4 SEGURIDAD Y SALUD:					260,00

RESUMEN DEL PRESUPUESTO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
01	CAMIÑO REAL DA MAGDALENA	3.534,00
02	PASEO MARÍTIMO	2.282,00
03	PRAZA DA CONSTITUCIÓN	1.630,00
04	SEGURIDAD Y SALUD	260,00
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL		7.706,00
21% IVA		1.618,26
PRESUPUESTO BASE LICITACIÓN		9.324,26




Anexo II. Medidas de publicidade

CARTEL PUBLICITARIO DURANTE AS OBRAS

 XUNTA DE GALICIA	ACTUACIÓN	
	ARIAL NEGRA 110 pt. COR NEGRA MÁXIMO TRES LIÑAS	
LOGOTIPO E NOME DO CONCELLO	ORZAMENTO	
	COMEZO	FIN

Dimensións do cartel publicitario:



Observacións

As cores da Xunta de Galicia serán as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para o cartel

- O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta de Galicia e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.
- Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.

